



DECRETO DE ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE CURSO BÁSICO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (60H) PARA OBRADOIRO DE EMPREGO CAMIÑO DA CHAIRA VI. (Expte 17/2022).

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente, en funcións, do Concello de Castro de Rei, (Lugo).

Visto o Informe do Órgano de Contratación, de data 18 de xaneiro de 2021, asinado pola alcaldía.

Vistos os presupostos presentados polas seguintes empresas:

- Cualtis S.L.U., con CIF B-84527977 que tivo entrada no concello o día 13 de xaneiro de 2022, co nº 78, onde especifica na súa Proposta de Impartición de Curso Básico de Prevención de Riscos Laborais (60h), modalidade presencial, por importe de 3.250€ máis IVE.

- Quirón Prevención S.L., con CIF B- 64076482, que tivo entrada no concello o día 13 de xaneiro de 2022, co nº 79, onde especifica na súa Proposta de Impartición de Curso Básico de Prevención de Riscos Laborais (60h), modalidade presencial, en 10 xornadas, por importe de 3.955€ máis IVE.

- Ibersys Seguridad y Salud S.L., (Norprevención) con CIF B- 27222827 que tivo entrada no concello o día 13 de xaneiro de 2021, co nº 80, onde especifica na súa Proposta de Impartición de Curso Básico de Prevención de Riscos Laborais (60h), modalidade presencial, en 8 xornadas, por importe de 2.280€ máis IVE.

Visto o certificado de existencia de crédito de data 17 de xaneiro de 2022 no que consta na bolsa de vinculación 2.1 do orzamento do exercicio 2022 que é o prorrogado de 2021, crédito por importe total de 2.758,80€, para facer fronte á citada contratación.

Dacordo cos artigos 118 e 131 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro.

En virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o Decreto de Alcaldía nº 318/2019, de 2 de xullo, recollido no acordo plenario de 05/07/2019.

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación polo procedemento de contrato menor dacordo co artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Segundo.- Aprobar a contratación do servizo de impartición de curso básico de prevención de riscos laborais (60h) para Obradoiro de emprego Camiño da Chaira VI e aprobar o gasto con cargo á partida correspondente do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Adxudicar á empresa Ibersys Seguridad y Salud S.L., (Norprevención) con CIF B- 27222827, o contrato menor de servizo de impartición de curso básico de prevención de riscos laborais (60h) para Obradoiro de emprego Camiño da Chaira VI polo importe total de 2.758,80 euros, dos cales representan como valor estimado de



2.280 euros, máis o IVE correspondente (21%) que supón un total de 478,8euros, dacordo co presuposto presentado no concello e nos termos expresados no mesmo, por contar cos medios técnicos e humanos necesarios que require o obxecto do contrato.

Cuarto.- Dar conta desta resolución á citada empresa.

Quinto.- Habilitar á Alcaldía deste Concello para a realización de calquera xestión ou sinatura de calquera documento necesarios, para o desenrolo e execución deste acordo.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE

